



Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da materia de Análise
Cursos 5º e 6º de grao profesional
Curso escolar 2025/2026

Profesor: Daniel Romar

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

INDICE ANÁLISE 5º DO GRAO PROFESIONAL

1- INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA DA MATERIA DE ANÁLISE.

2- OBXETIVOS.

3- CONTIDOS.

4- RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA).

5- CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

6- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

7- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

8- PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO.

9- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

10- OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

11- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN (ver programación análise 6º)

DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN
(ver programación análise 6º)

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO
(ver programación análise 6º)

12- ANEXO Á PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE 5º DE ANÁLISE.

ANÁLISE 6º DO GRAO PROFESIONAL

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA DA MATERIA DE ANÁLISE.

2. OBXETIVOS.

3. CONTIDOS.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA).

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO.

9. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

11. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN (5º e 6º de análise)

12. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN (5º e 6º de análise)

13. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO (5º e 6º de análise)

14. ANEXO Á PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE 6º DE ANÁLISE.

PROBA DE ACCESO A 6º DE GRAO PROFESIONAL.

QUINTO CURSO GRAO PROFESIONAL ANÁLISE

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA DA MATERIA DE ANÁLISE.

O nivel técnico e interpretativo do alumnado nos dous derradeiros cursos do grao profesional permítelle traballar cun repertorio de obras cunhas dimensións formais, unha complexidade harmónica, polifónica e de elaboración temática e unha variedade estilística e estética que fan necesario afondar no coñecemento dos principais elementos e de procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de avanzar cada vez máis nunha comprensión das devanditas obras. Este avance pódese realizar a través da análise, como ferramenta imprescindible para calquera que sexa o futuro profesional do e da estudante.

A disciplina de Análise pretende suministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poden ser relevantes. Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. Esa similitude coa linguaxe permite que á música poidan aplicárselle os criterios da lingüística que supoñen unha vía fecunda cara ao coñecemento. Os criterios de sincronía (definido a mutua relación dos elementos da obra) e diacronía (a evolución destes no tempo) son, quizais, os que máis axeitadamente se adaptan á análise musical. É importante a valoración de toda obra musical como pertencente a un estilo ou a un autor e a unha época, que só adquiren a súa exacta dimensión cando se relacionan íntimamente cos estilos ou as épocas anteriores e posteriores.

A análise está concebida como materia común para todas as especialidades nos dous derradeiros cursos do grao profesional, aínda que, pola súa propia esencia, se trate dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesorado leve a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos, etc..., xa que a súa comprensión será indispensable para interpretar correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunha materia tan incuestionable.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos

referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con trayectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan fondamente como sexa posible, van achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras. Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

2. OBXECTIVOS.

A ensinanza de Análise no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, atendendo a un amplo abano de estilos.

E necesario facer especial hincapé na procura, identificación e comprensión dos elementos e procedementos compositivos de cada época, así como tamén na interrelación e correcta expresión dos mesmos.

2. Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

A adquisición dun vocabulario específico relacionado coa materia permitirá ao alumnado comunicar als demais de forma precisa, completa e coherente as súas propias análises, opinións, conclusións, valoracións e argumentacións sobre os procesos musicais coñecidos e a información contida en fontes de información específicas relativas á análise musical en particular e á música en xeral.

3. Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.

Neste primeiro curso trátase de facer unha análise de obras básicas nas que o alumnado debe ser capaz de identificar e recoñecer os elementos musicais que as conforman e caracterizan.

4. Recoñecer as características fundamentais dos parámetros que compoñen unha obra e que lle confiren unha estética propia do estilo ao que pertence e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Barroco, Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles.

Trátase de, ao analizar obras musicais significativas dos períodos estilísticos mencionados, ser capaz de identificar e recoñecer as características que permiten relacionalas cunha determinada corrente estilística.

5. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

O alumnado ten uns coñecementos amplos de Harmonía, por tela estudado en 3º e 4º curso; tendo en conta que un dos obxectivos desta materia é “desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos”, estará familiarizado coa sonoridade destes acordes e fórmulas harmónicas. A súa interiorización favorecerá a comprensión das obras analizadas e a súa relación co período ao que pertencen sen necesidade de escoitalas.

6. Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

A relación deste obxectivo co anterior é evidente, pois trátase de ser capaz de escoitar as fórmulas harmónicas analizadas, sexa de forma interna (no caso do obxectivo anterior) ou real (neste caso). De feito, ao reproducir esas fórmulas harmónicas nun instrumento polifónico, favorécese a súa interiorización e, por tanto, a súa audición interna. Garante ademais unha mínima continuidade da práctica creativa no alumnado, que se ve na obriga de actuar como suxeito activo manipulando os elementos compositivos observados tras a análise, sen poder acomodarse en actitudes pacientes.

3. CONTIDOS. PRIMEIRO TRIMESTRE:

Tema 1: Terminoloxía analítica básica

- Conceptos sintácticos. Coñecemento das diferentes nomenclaturas.
- Procedementos de elaboración e transformación temática.
- Repaso da harmonía tonal: tipos de acordes, cadencias e modulacións.
- Análise de corais no estilo de J.S.Bach.
- Escoita activa de fórmulas harmónicas e cadenciais procedentes dos corais analizados.
- Reproducción nun instrumento polifónico das mesmas.
- Toma de conciencia sobre a importancia que ten expresar en palabras o fenómeno musical con coherencia e propiedade.

Tema 2: Pequenos tipos formais - A forma secuencial ou estrófica - Formas binarias simples

- Formas ternarias simples
- Análise de pequenas pezas que respondan ás anteriores tipoloxías formais: cancións populares, corais e pezas como, as do “Album para a xuventude” de Schumann , coleccións de danzas de Beethoven, sonatinas de Clementi, sonatinas de Diabelli, etc.
- Audición activa de fórmulas harmónicas e cadenciais procedentes das pezas analizadas
- Reproducción nun instrumento polifónico das mesmas
- Interese pola interrelación e comprensión dos elementos e procedementos compositivos da obra e pola súa correcta verbalización.

Tema 3: O canto gregoriano. A misa

- O canto gregoriano: notación, modos, tropos e secuencias
- Características das partes da misa
- Audición comentada de exemplos musicais representativos deste estilo - Análise guiada polo profesorado

Tema 4: Polifonía medieval

- Evolución desde o organum primitivo ata a música de finais do século XIV - As formas e a súa evolución: organum, conductus, motete, hoquetus, ballade, rondeau, virelai, chanson.
- Audición comentada de exemplos musicais representativos deste estilo
- Análise guiada polo profesorado.

SEGUNDO TRIMESTRE:

Tema 5: Renacemento

- Séculos XV e XVI: evolución das formas musicais e características dos elementos e procedementos compositivos
- Audición comentada de exemplos musicais representativos deste estilo - Análise guiada polo profesorado

Tema 6: A forma sonata

- Esquema formal e harmónico da sonata clásica
- Características estilísticas no tocante a outros parámetros musicais
- Análise de obras para instrumentos de tecla con forma sonata (1o e último movemento) dos seguintes compositores: Haydn, Mozart e Beethoven.
- Recoñecemento auditivo destas formas, da súa estrutura interna en canto á temática, á sintaxe e ao plano harmónico que seguen.
- Realización nun instrumento polifónico de temas melódicos co seu acompañamento, baseados en estruturas formais observadas tras a análise. - Reflexión sobre a continua evolución das formas.

Tema 7: O minueto de sonata clásica

- A danza ternaria e reexpositiva
- Comparativa dos minuetos de sonata clásica e de suite barroca
- O scherzo
- A repetición e o contraste entre as partes do minueto e entre minueto e trío
- Recoñecemento auditivo destas formas, dos elementos motivicos, divisións sintácticas, modulacións e cadencias en pezas deste tipo seleccionadas para este fin
- Análise de obras con esta tipoloxía de diferentes compositores
- Reflexión sobre a continua evolución das formas.

TERCEIRO TRIMESTRE:

Tema 8: Forma tipo suite barroca

- O ciclo de danzas no Barroco
- A forma tipo suite
- Ritmos e particularidades de cada danza

- Análise de obras con esta tipoloxía de diferentes compositores
- Recoñecemento auditivo dos tipos de danzas e dos procedementos de elaboración e transformación temática presente nelas
- Realización nun instrumento polifónico de progresións diatónicas e modulantes
- Audición de gravacións interpretadas con instrumentos orisinais e coidando as convencións estilísticas da época
- Reflexión e posta en común das opinións sobre as interpretacións escoitadas

Tema 9: O contrapunto imitativo: o canon, a invención e a fuga

- Conceptos e terminoloxía específica destas formas
- Estrutura en relación coa temática e co plan harmónico
- Análise de obras escritas neste estilo para instrumentos de tecoa e de diferentes compositores
- Recoñecemento auditivo dos procedementos de imitación, de elaboración e de transformación temática presentes nestas obras
- Valoración da análise como ferramenta para unha completa comprensión e interpretación destas pezas

Tema 10: A relación entre texto e música: o Lied

- O Lied clásico e romántico
- Características estilísticas
- Análise de obras para voz e piano de diferentes compositores e dos estilos clásico e romántico
- Recoñecemento auditivo das diferentes tipoloxías formais que poidan presentar, da súa estrutura interna en canto á temática, á sintaxe e ao seu plano harmónico e modulatorio.
- Realización nun instrumento polifónico do acompañamento instrumental a unha melodía con texto dada en base a un plano harmónico creado para destacar o sentido do texto.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)

O modo de secuenciar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, a distribución do espazo e do tempo, o agrupamento do alumnado, o emprego das TIC, etc., dependen de supostos teóricos e metodolóxicos que convén facer explícitos con vistas a que tanto o deseño como o desenvolvemento curricular sexan o resultado dunha reflexión consciente a partir de intencións

educativas concretas e ben definidas.

As decisións que configuran a proposta metodolóxica teñen os seus referentes básicos, por unha parte, na función que se lle atribúe a ensinanza (traducida na importancia relativa que se lles concede a uns contidos sobre outros) e, pola, outra, na concepción que se posúe, non sempre explícita, sobre como se aprende e como se ensina.

Neste apartado se revisan estes referentes desde a perspectiva derivada dos obxectivos e contidos expresados no decreto do currículo:

a) Organización do tempo e do espazo; as clases disporán de 90 minutos semanais nunha sesión, como de feito está a ocorrer este curso. Para manter a

atención do alumnado, procuraremos cambiar cada certo tempo de actividade: explicación por parte do profesorado, audición, análise, práctica instrumental, debate, etc... En canto á organización do espazo dependeremos das características e dos recursos cos que conta o conservatorio. As necesidades mínimas da aula están cubertas con: unha aula cun piano, equipo reproductor de música, encerado, unha mesa para o profesorado e mesas e cadeiras para o alumnado.

Hoxe en día as novas tecnoloxías poden facilitar e facer moi amena e cómoda a explicación, como o centro dispón dunha aula de informática, cando sexa posible o profesorado tentará darlle o máximo rendemento.

b) Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC); o centro conta cun telecentro con conexión a Internet á disposición do profesorado e do alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, busca de partituras, arquivos de audio, libros especializados, etc.

c) Fomento da lectura; enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda a literatura musical, procurando que teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos: por outra banda, ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia de Análise.

d) Funcionalidade dos contidos; ao tratar a funcionalidade dos contidos os enfocaremos desde dous puntos de vista diferenciados: en primeiro lugar, tendo en conta que os coñecementos adquiridos sexan aplicables á hora de realizar novas aprendizaxes en relación coa nosa materia e, en segundo lugar, observando a necesidade deses contidos en estudos posteriores ou, simplemente, como parte destacada na formación global do alumnado.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

Criterios de avaliación para o 1º Trimestre:

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, repítense estes aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados.

1. Coñecer a terminoloxía analítica básica, os tipos formais e procedementos compositivos da práctica modal (Canto Gregoriano, Idade Media e Renacemento) e da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

- Coñecer a terminoloxía, definición e características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos.
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por coñecer obras destes períodos estilísticos, aínda que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles,
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

2. Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc

- Analizar obras sinxelas dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por analizar obras destes períodos estilísticos, aínda que a súa

especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.

- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

Criterios de avaliación para o 2º Trimestre:

1. Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Barroco, Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles.

- Sinalar os parámetros que confiren unha estética propia do estilo ao que pertencen en obras sinxelas dos estilos da práctica tonal
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por analizar obras destes períodos estilísticos aínda que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características estilísticas dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

2 .Escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.

- Recoñecer auditivamente tipos de acordes e fórmulas harmónicas propios destes períodos estilísticos.
- Utilizar correctamente a terminoloxía e simboloxía harmónica.
- Valorar a importancia da educación auditiva e da súa aplicación á análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva,

tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

3. Tocar esquemáticamente un instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico os tipos de acordes máis característicos das obras analizadas así como as fórmulas harmónicas máis características.
- Coñecer e recoñecer os símbolos analíticos e cifrados dos acordes máis comúns.
- Recoñecer características técnicas e estilísticas das progresións, fórmulas harmónicas e cadenciais de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas interpretacións dos compañeiros.

Criterios de avaliación para o 3º Trimestre:

1. Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Barroco, Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles.

- Sinalar os parámetros que confiren unha estética propia do estilo ao que pertencen en obras sinxelas dos estilos da práctica tonal
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por analizar obras destes períodos estilísticos aínda que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características estilísticas dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

2. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.

- Recoñecer auditivamente tipos de acordes e fórmulas harmónicas propios

destes períodos estilísticos.

- Utilizar correctamente a terminoloxía e simboloxía harmónica.
- Valorar a importancia da educación auditiva e da súa aplicación á análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

3. Tocar esquemáticamente un instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico os tipos de acordes máis característicos das obras analizadas así como as fórmulas harmónicas máis características.
- Coñecer e recoñecer os símbolos analíticos e cifrados dos acordes máis comúns.
- Recoñecer características técnicas e estilísticas das progresións, fórmulas harmónicas e cadenciais de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas interpretacións dos compañeiros.

6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Ao remate de cada trimestre o docente propondrá un ou dous exercicios para realizar na aula como proba ou probas obxectivas de avaliación. Esta proba ou probas avaliarán un ou varios dos criterios de avaliación da materia. Tentarase por parte do profesorado organizar estas probas con antelación (cun mínimo de dúas semanas), explicando ao alumnado o tipo de exercicio que deberán realizar. Ademais o docente poderá pedir ó alumnado a realización de traballos (relacionados coa materia), ó longo do curso, se o estima conveniente.

Nos supostos de perda da avaliación continua (catro faltas de asistencia), o alumno perderá o dereito de probas trimestrais da materia e terá que realizar unha única proba a finais de maio ou primeiros de xuño de tódolos contidos da materia: esta proba consistirá na análise formal, harmónica, tonal e de todos os parámetros que compoñen a obra dunha ou dúas obras ou fragmentos que abarquen distintos criterios na concepción da música. O exercicio poderá constar de:

- a) Sinalar os diferentes aspectos (nomeados anteriormente) directamente na partitura
- b) Redactar un breve comentario analítico sobre ela ou elas
- c) Responder a un cuestionario

O profesorado, determinará o tempo da realización da proba, que será de mínimo de 120 minutos (dependendo da dificultade da obra, poderase exceder de tempo, sempre que sexa consensuado polo docente e alumnado). Se a proba consiste en dúas partituras ou máis, será necesario para a superación da proba unha nota mínima dun 5 en cada unha das partituras propostas. A dificultade da ou das probas referirase aos contidos de cada curso que figuran na programación desta materia.

O profesorado se o estima oportuno, poderá solicitar a realización de traballo ou traballos dos contidos da materia, que representarán un 10% da nota final, sempre e cando teña unha avaliación positiva no exame (mínimo un 5).

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

As diferentes probas realizadas ao longo dos trimestres, terán cada unha delas a súa correspondente recuperación no horario correspondente á materia de análise; o resto da clase que non teña que realizar esta proba realizará exercicios propostos polo profesorado relacionados cos contidos que están a estudar nese momento. Para a superación destas probas de recuperación a nota mínima será dun 5.

O alumnado que chegado o fin do terceiro trimestre non superou algunha das probas (que estarán agrupadas por épocas reflexadas nos contidos), terá a oportunidade da realización dun exame final coa parte ou partes suspensas. Para unha avaliación positiva na materia de 5º de Análise é preciso ter como nota mínima un 5, nas seguintes épocas que resumen dalgunha maneira os contidos do curso:

- Música modal (Canto gregoriano, Idade Media e Renacemento)
- Barroco
- Clasicismo
- Romanticismo.

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO.

A proba extraordinaria de xuño consistirá nunha proba obxectiva de dúas partituras, unha modal e outra tonal, ou, unha partitura de carácter tonal do Barroco, Clasicismo ou Romanticismo. A primeira partitura será de carácter modal, comprendida entre o Canto Gregoriano e o Renacemento, na que haberá que analizar os seguintes aspectos:

- (a) Contexto histórico e tipo de música.
- (b) Modalidade da obra e xustificala cos diferentes elementos que a definen
- (c) Análise melódica, rítmica e harmónica
- (d) Análise formal e explicación da mesma

A segunda partitura será de carácter tonal, de estrutura formal reflexada na programación e dos estilos Barroco, Clásico ou Romántico, na que haberá que tratar os seguintes aspectos:

- Análise sintáctico e temático, incluíndo neste apartado as cadencias principais, así como a súa tonalidade.
- Análise textural
- Análise rítmico e melódico
- Análise harmónico (se procede) dun fragmento da obra proposta.
- Análise formal (esquema e explicación da mesma).

A proba terá unha duración mínima de 120 minutos, se o profesorado o estima oportuno pola lonxitude do exame, poderase exceder este tempo consensuado có alumnado implicado: para unha avaliación positiva da proba é preciso ter como nota mínima un 5 en cada unha das partituras propostas, ou un 5 se fose unha partitura única.

O profesorado poderá pedir traballos relacionados coa materia que suporán un 10% da nota final, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva na proba obxectiva, como mínimo un 5 para a realización de dita ponderación.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula, estarán baseados na realización dunha proba obxectiva antes do 30 de Novembro que consistirá na análise de dúas partituras, unha de carácter modal e outra tonal, cos contidos, obxectivos e criterios de avaliación expostos na programación, ou unha partitura única de carácter tonal. Para unha avaliación positiva desta proba será necesaria a nota mínima dun 5 en cada unha das partituras propostas ou, un 5 se fose partitura única.

A duración mínima da proba será de 120 minutos, que poderá exceder de tempo por consenso do alumnado e docente, se a lonxitude da obra o requirise.

O profesorado poderá solicitar traballos relacionados coa materia, que representarán un 10% da nota final, sempre e cando obtuveran unha avaliación positiva, mínimo un 5, na proba obxetiva.

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra pódese conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de 5º de Análise.
- c) As propostas do departamento elevaráanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O alumnado que chega a estes últimos cursos do grao profesional, na maioría dos casos son compatibilizados con outros estudos de réxime xeral. Cabe esperar que a diversidade do alumnado veña determinada por dous motivos:

- A idade, xa que no grao profesional non hai límite de idade para o seu acceso
- Pola especialidade instrumental que cursa.

Desde a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses na análise de partituras para os instrumentos das especialidades cursadas, na medida en que estas se adapten aos contidos do curso.

As necesidades específicas de apoio educativo, serán requiridas polo alumnado de tardía ou temperá incorporación ao sistema educativo (doutras

nacionalidades, precoz...) ,alumnado con sobredotación intelectual, con algún tipo de discapacidade física (visual, dificultades na mobilidade...).

O apoio a este alumnado realizarase de maneira coordinada polo titor ou titora e coa colaboración do equipo docente das materias que curse, procurando a eliminación de barreiras físicas e socioculturais, o reforzo educativo na medida das súas necesidades, a adaptación dos materiais curriculares e a introducción de actividades de motivación e integración.

12. ANEXO Á PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE 5º DE ANÁLISE:

A relación de partituras que se presentan a continuación, son un refrexo de carácter práctico dos obxectivos e contidos expostos na programación, secuenciados por trimestres e que poden ser substituídas por obras de dificultade similar.

5º DE ANÁLISE (Curso 2017 – 18)

ÍNDICE DE PARTITURAS (1º TRIMESTRE)

- 1- Sonatina op.36 no 2 – Allegretto (Clementi)
- 2- Sonatina op.36 no 2 – Allegro (Clementi)
- 3- Sonatina op. 168 no 4 – Allegro moderato (Diabelli)
- 4- Sonatina op. 168 no 5 – Rondo militare (Diabelli)
- 5- Sonata no 11 en Sol M (Haydn)
- 6- Sonata no 24 en Re M - Allegro (Haydn)
- 7- Coral “ Als der gütige Gott”
- 8- Coral “ Aus meines Herzens Grunde”
- 9- Suite francesa en Fa M (Bach)
- 10- Suite francesa en re m
(Bach) 11-Preludio – Largo
(Corelli)
- 12-Allemanda – Allegro (Corelli)

ÍNDICE DE PARTITURAS (2º TRIMESTRE)

- 1- Sonata en Fa M, 1º movement (Mozart)
- 2- Sonata violín e piano en Fa M, 1º movement (Mozart)
- 3- Cuarteto en Re M , 3º movement– Molto Allegro (Mozart)
- 4- Sonata en Fa M, 3º movement – Rondo (Mozart)
- 5- Sonata op.2 nº 1, 1º movement (Beethoven)

- 6- Sonata op. 2 nº1, 3º movimento (Beethoven)
- 7- 7Sonata op. 2 nº2, 3º movimento(Beethoven)
- 8- Danzas de “ Album de la juventud” (Schumann)
 - - Soldatenmarsch,
 - - Sizilianish,
 - - The reaper’s song,
- 9- Lied: “Langsam, mit Ansdruck” (Schubert)
- 10- Lied: “Die lotusblume” (Schubert)
- 11- Lied: “Der Tod, das ist die kühle Nacht” (Brahms)
- 12- Lied: “Die stadt” (Schubert)

ÍNDICE DE PARTITURAS (3º TRIMESTRE)

- 1- Invención nº V en Mi b M (Bach)
- 2- Invención nº VI en Mi M (Bach)
- 3- Invención nº VIII en Fa M (Bach)
- 4- Invención nº I en Do M (Bach)
- 5- Preludio y Fuga en re m – Pequeños preludios y fugas (Bach)
- 6- Fuga en mi m – El clave bien temperado I (Bach)

7- MÚSICA MODAL

- - Alma Redemptoris Mater
- - Introito
- - Nostra phalans
- - Procurans odium
- - Pastorela de trovador
- - Rondeau – Motete enté
- - Danza instrumental
- - Motete isorrítmico
- - Quam pulchra es
- - Adie m’amour, adie ma joye
- - El grillo
- - Ils est bel et bon

SEXTO CURSO GRAO PROFESIONAL ANÁLISE

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA DA MATERIA DE ANÁLISE.

O nivel técnico e interpretativo do alumnado nos dous derradeiros cursos do

grao profesional permítelle traballar cun repertorio de obras cunhas dimensións formais, unha complexidade harmónica, polifónica e de elaboración temática e unha variedade estilística e estética que fan necesario afondar no coñecemento dos principais elementos e de procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de avanzar cada vez máis nunca comprensión das devanditas obras. Este avance pódese realizar a través da análise, como ferramenta imprescindible para calquera que sexa o futuro profesional do e da estudante.

A disciplina de Análise pretende suministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poden ser relevantes. Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. Esa similitude coa linguaxe permite que á música poidan aplicárselle os criterios da lingüística que supoñen unha vía fecunda cara ao coñecemento. Os criterios de sincronía (definido a mutua relación dos elementos da obra) e diacronía (a evolución destes no tempo) son, quizais, os que máis axeitadamente se adaptan á análise musical. É importante a valoración de toda obra musical como pertencente a un estilo ou a un autor e a unha época, que só adquiren a súa exacta dimensión cando se relacionan íntimamente cos estilos ou as épocas anteriores e posteriores.

A análise está concebida como materia común para todas as especialidades nos dous derradeiros cursos do grao profesional, aínda que , pola súa propia esencia, se trate dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesorado leve a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos, etc..., xa que a súa comprensión será indispensable para interpretar correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunca materia tan incuestionable.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre

elementos afíns con trayectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan fondamente como sexa posible, van achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras. Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

2. OBXECTIVOS:

No curso anterior os estudantes desenvolveron capacidades que lles permiten recoñecer as diferentes tipoloxías formais, as súas variantes e combinacións dentro da práctica modal e dos estilos Barroco, Clásico e Romántico e en obras que partían dos exemplos máis sinxelos (en canto a dimensións, densidade...) para ir avanzando cada vez máis cara unha maior complexidade. Con este 6º curso chega o momento de ampliar fronteiras, con esta amplitude de miras procuraremos ofrecer a máis ampla variedade estilística de pezas para analizar, que nos permitirán observar a aplicación dos elementos e procedementos estudados no curso anterior en obras de maiores dimensións, para diferentes formacións instrumentais e que nos achegarán ao xeito de compoñer do maior número de autores posible. Teremos en conta que os estudos de Historia da Música remataron en 5º e procuraremos que os coñecementos adquiridos nesa materia se manteñan frescos, dada a súa importancia á hora de atender aos criterios de sincronía e diacronía necesarios para o desenvolvemento da materia de Análise. O alumnado poderá demostrar ao remate deste 6º curso as capacidades seguintes:

1. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores da práctica tonal, nos estilos Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

2. Analizar obras dunha crecente complexidade, dunha ampla variedade de estilos e de diferentes compositores da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.

Preténdese con este obxectivo, e a través de análises guiadas na aula, aportar ao alumnado unha visión global desde un punto de vista estilístico e histórico que lle permita realizar análises de obras representativas de diferentes estilos, así como a comprensión da evolución das distintas tipoloxías formais e a evolución dos estilos.

3. Recoñecer as características dos parámetros que compoñen unha obra e que lle confiren unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que se derivan deles.

Na mesma liña que o obxectivo anterior, trátase de obter unha visión global dos distintos períodos estilísticos da historia da música, comprendendo a súa interrelación e sendo capaces de identificar as súas características en obras representativas.

4. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Aínda que a formulación do obxectivo é a mesma que para 5º curso, amplíase este ano, ao facelo tamén cos estilos estudados en 6º, incluíndose por tanto a escoita interna de sonoridades diferentes e doutras xa estudadas.

5. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores da práctica tonal, nos estilos Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

6. Analizar obras dunha crecente complexidade, dunha ampla variedade de estilos e de diferentes compositores da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.

Preténdese con este obxectivo, e a través de análises guiadas na aula, aportar ao alumnado unha visión global desde un punto de vista estilístico e histórico que lle permita realizar análises de obras representativas de diferentes estilos, así como a comprensión da evolución das distintas tipoloxías formais e a evolución dos estilos.

7. Recoñecer as características dos parámetros que compoñen unha obra e que lle confiren unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que se derivan deles.

Na mesma liña que o obxectivo anterior, trátase de obter unha visión global dos distintos períodos estilísticos da historia da música, comprendendo a súa interrelación e sendo capaces de identificar as súas características en obras representativas.

8. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Aínda que a formulación do obxectivo é a mesma que para 5º curso, amplíase este ano, ao facelo tamén cos estilos estudados en 6º, incluíndose por tanto a escoita interna de sonoridades diferentes e doutras xa estudadas.

9. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores da práctica tonal, nos estilos Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

10. Analizar obras dunha crecente complexidade, dunha ampla variedade de estilos e de diferentes compositores da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.

Preténdese con este obxectivo, e a través de análises guiadas na aula, aportar ao alumnado unha visión global desde un punto de vista estilístico e histórico que lle permita realizar análises de obras representativas de diferentes estilos, así como a comprensión da evolución das distintas tipoloxías formais e a evolución dos estilos.

11. Recoñecer as características dos parámetros que compoñen unha obra e que lle confiren unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que se derivan deles.

Na mesma liña que o obxectivo anterior, trátase de obter unha visión global dos distintos períodos estilísticos da historia da música, comprendendo a súa interrelación e sendo capaces de identificar as súas características en obras representativas.

12. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Aínda que a formulación do obxectivo é a mesma que para 5º curso, amplíase este ano, ao facelo tamén cos estilos estudados en 6º, incluíndose por tanto a escoita interna de sonoridades diferentes e doutras xa estudadas.

3. CONTIDOS.

PRIMEIRO TRIMESTRE:

Tema 1: Música de cámara(I)

completa comprensión da obra musical e o achegamento aos estilos e ás características compositivas dos autores.

Tema 2: Sonata do preclasicismo

- Evolución da sonata ata a súa forma clásica bitemática e reexpositiva.
- Esquema formal e sintáctico
- Análise de obras de diferentes compositores e estilos, entre o barroco e o clasicismo.

Tema 3: A forma sonata

- Esquema formal e harmónico da sonata clásica
- Análise de obras con forma sonata de diferentes compositores e estilos
- Reflexión sobre a continua evolución das formas da sonata

SEGUNDO TRIMESTRE:

Tema 3: A forma sonata (continuación)

- Esquema formal e harmónico da sonata clásica
- Análise de obras con forma sonata de diferentes compositores e estilos
- Reflexión sobre a continua evolución das formas da sonata

Tema 4: Variación

- Tema con variacións: diferentes tipos de variacións.
- Análise de obras que correspondan a anterior tipoloxía pertencentes aos estilos: Clásico e Romántico.
- Actitude participativa e de intercambio respectuoso de información e opinións na clase.

Tema 5: O rondó. A forma de arco

- O rondó simple
- A forma de arco
- Análise de obras con estas formas de diferentes compositores e estilos.

Tema 6: Tipoloxías formais do movemento lento da sonata

- O movemento lento da sonata como Lied instrumental
- Diferentes formas que pode presentar: sonata clásica con desenvolvemento, lied ternario, lied desenvolvido.
- Análise de obras para instrumentos de tecla con forma sonata de diferentes compositores do clasicismo.
- Reflexión sobre a diversidade formal do movemento lento de sonata

Tema 7: Música de cámara (II)

- Música de cámara no Clasicismo
- Características estilísticas
- Valoración da análise como ferramenta indispensable e esencial para a completa comprensión da obra musical e o achegamento aos estilos e ás características compositivas dos autores

TERCEIRO TRIMESTRE:

Tema 8: Forma tipo suite barroca

- A forma tipo suite
- Ritmos e particularidades de cada danza
- Análise de obras con esta tipoloxía de diferentes compositores.
- Audición de gravacións interpretadas con instrumentos orixinais e coidando as convencións estilísticas da época.
- Conceptos e terminoloxía específica destas formas
- Estrutura en relación coa temática e co plan harmónico
- Análise de obras escritas neste estilo para instrumentos de tecla e de diferentes compositores.
- Valoración da análise como ferramenta para unha completa comprensión e interpretación destas pezas.

Tema 10: Formas libres: preludio, tocata, obertura, fantasía, etc.

- Coñecemento da diversidade de pequenos tipos formais con estrutura libre.

-Análise de obras para tecla de diferentes compositores dos estilos Barroco, Clásico e Romántico.

Tema 11: Música de cámara (III)

- Música de cámara no século XIX
- Características estilísticas das diferentes épocas
- Valoración da análise como ferramenta indispensable e esencial para a completa comprensión da obra musical e o achegamento aos estilos e ás características compositivas dos autores.

Tema 12: A relación entre texto e música: o Lied

- O Lied clásico e romántico
- Características estilísticas
- Análise de obras para voz e piano de diferentes compositores e dos estilos clásico e romántico
- Valoración da importancia da relación entre a música e outras artes: literatura, danza, teatro, cine...

Tema 13: Século XX

- Tratamento das formas musicais
- Audición comentada de exemplos musicais representativos - Análise guiada polo profesorado

O modo de secuenciar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, a distribución do espazo e do tempo, o agrupamento do alumnado, o emprego das TIC, etc., dependen de supostos teóricos e metodolóxicos que convén facer explícitos con vistas a que tanto o deseño como o desenvolvemento curricular sexan o resultado dunha reflexión consciente a partir de intencións educativas concretas e ben definidas.

As decisións que configuran a proposta metodolóxica teñen os seus referentes básicos, por unha parte, na función que se lle atribúe a ensinanza (traducida na importancia relativa que se lles concede a uns contidos sobre outros) e, pola,

outra, na concepción que se posúe, non sempre explícita, sobre como se aprende e como se ensina.

Neste apartado se revisan estes referentes desde a perspectiva derivada dos obxectivos e contidos expresados no decreto do currículo:

a) Organización do tempo e do espazo; as clases disporán de 90 minutos. semanais distribuídos ben nunha sesión. Para manter a atención do alumnado, procuraremos cambiar cada certo tempo de actividade: explicación por parte do profesorado, audición, análise, práctica instrumental, debate, etc... En canto á organización do espazo dependeremos das características e dos recursos cos que conta o conservatorio. As necesidades mínimas da aula están cubertas con: unha aula cun piano, equipo reproductor de música, encerado, unha mesa para o profesorado e mesas e cadeiras para o alumnado.

Hoxe en día as novas tecnoloxías poden facilitar e facer moi amena e cómoda a explicación, como o centro dispón dunha aula de informática, cando sexa posible o profesorado tentará darlle o máximo rendemento.

b) Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC); o centro conta cun aula telecentro con conexión a Internet á disposición do profesorado e do alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, busca de partituras, arquivos de audio, libros especializados, etc.

c) Fomento da lectura; enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda a literatura musical, procurando que teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos: por outra banda, ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia de Análise.

d) Funcionalidade dos contidos; ao tratar a funcionalidade dos contidos os enfocaremos desde dous puntos de vista diferenciados: en primeiro lugar, tendo en conta que os coñecementos adquiridos sexan aplicables á hora de realizar novas aprendizaxes en relación coa nosa materia e, en segundo lugar, observando a necesidade deses contidos en estudos posteriores ou, simplemente, como parte destacada na formación global do alumnado.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

Criterios de avaliación para o 1º Trimestre:

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, repítense estes aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados.

1. Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc

- Analizar obras dos estilos da práctica tonal atendendo aos parámetros que as compoñen.
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por analizar obras destes períodos estilísticos, aínda que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

Criterios de avaliación para o 2º Trimestre:

2. Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles

- Sinalar os parámetros que confiren unha estética propia do estilo ao que pertencen en obras sinxelas dos estilos da práctica tonal
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por analizar obras destes períodos estilísticos aínda que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características estilísticas dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

3 .Escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.

- Recoñecer auditivamente tipos de acordes e fórmulas harmónicas propios destes períodos estilísticos.

- Utilizar correctamente a terminoloxía e simboloxía harmónica.
- Valorar a importancia da educación auditiva e da súa aplicación á análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

4. Tocar esquemáticamente un instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico os tipos de acordes máis característicos das obras analizadas así como as fórmulas harmónicas máis características.
- Coñecer e recoñecer os símbolos analíticos e cifrados dos acordes máis comúns.

- Recoñecer características técnicas e estilísticas das progresións, fórmulas harmónicas e cadenciais de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas interpretacións dos compañeiros.

Criterios de avaliación para o 3o Trimestre:

5. Sinalar na obra as características fundamentais dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo ao que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos do Barroco, Clasicismo e Romanticismo cos tipos de obras que se derivan deles

- Sinalar os parámetros que confiren unha estética propia do estilo ao que pertencen en obras sinxelas dos estilos da práctica tonal
- Utilizar correctamente a terminoloxía analítica na expresión oral e escrita, con coherencia e claridade.
- Ter interese por analizar obras destes períodos estilísticos aínda que a súa especialidade instrumental non posúa literatura musical deles.
- Valorar as características estilísticas de cada período, interesándose polo coñecemento de obras musicais de distintos compositores.
- Recoñecer características estilísticas dos elementos da linguaxe musical e dos procedementos compositivos de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

6. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas.

- Recoñecer auditivamente tipos de acordes e fórmulas harmónicas propios destes períodos estilísticos.
- Utilizar correctamente a terminoloxía e simboloxía harmónica.
- Valorar a importancia da educación auditiva e da súa aplicación á análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas intervencións e opinións das demais persoas.

7. Tocar esquemáticamente un instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico os tipos de acordes máis

características das obras analizadas así como as fórmulas harmónicas máis características.

- Coñecer e recoñecer os símbolos analíticos e cifrados dos acordes máis comúns.
- Recoñecer características técnicas e estilísticas das progresións, fórmulas harmónicas e cadenciais de obras musicais destes períodos a través da audición e a análise.
- Valorar e aceptar as normas básicas de participación na clase colectiva, tendo respecto e consideración polas interpretacións dos compañeiros.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Ao remate de cada trimestre o docente propoñerá un ou dous exercicios para realizar na aula como proba ou probas obxectivas de avaliación. Esta proba ou probas avaliarán un ou varios dos criterios de avaliación da materia. Tentarase por parte do profesorado organizar estas probas con antelación (cun mínimo de dúas semanas), explicando ao alumnado o tipo de exercicio que deberán realizar.

Nos supostos de perda da avaliación continua (catro faltas de asistencia), o alumno perderá o dereito a probas trimestrais e terá que realizar unha proba única de todos os contidos da materia, a finais de maio ou primeiros de xuño: esta proba consistirá na análise formal, harmónica, tonal e de todos os parámetros que compoñen a obra dunha ou dúas obras ou fragmentos que abarquen distintos criterios na concepción da música.

O exercicio poderá constar de:

- a) Sinalar os diferentes aspectos (nomeados anteriormente) directamente na partitura
- b) Redactar un breve comentario analítico sobre ela ou elas
- c) Responder a un cuestionario

O profesorado, determinará o tempo da realización da proba, que será dun mínimo de 120 minutos (dependendo da dificultade da obra, poderase exceder de tempo, sempre que sexa consensuado polo docente e alumnado). Se a proba consiste en dúas partituras ou máis, será necesario para a superación da proba unha nota mínima dun 5 en cada unha das partituras propostas. A dificultade da ou das probas referirase aos contidos de cada curso que figuran na programación desta materia.

O profesorado se o estima oportuno, poderá solicitar a realización de traballo

ou traballos dos contidos da materia, que representarán un 10% da nota final, sempre e cando teña unha avaliación positiva no exame (mínimo un 5).

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

As diferentes probas realizadas ao longo dos trimestres, terán cada unha delas a súa correspondente recuperación no horario correspondente á materia de análise; o resto da clase que non teña que realizar esta proba realizará exercicios propostos polo profesorado relacionados cos contidos que están a estudar nese momento. Para a superación destas probas de recuperación a nota mínima será dun 5.

O alumnado que chegado o fin do terceiro trimestre non superou algunha das probas (que estarán agrupadas por épocas reflexadas nos contidos), terá a oportunidade da realización dun exame final coa parte ou partes suspensas. Para unha avaliación positiva na materia de 6º de Análise é preciso ter como nota mínima un 5, nas seguintes épocas que resumen dalgunha maneira os contidos do curso:

- Barroco
- Clasicismo
- Romanticismo

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO.

A proba extraordinaria de xuño consistirá na análise de unha ou dúas obras escritas entre 1600 e 1850, contidas na programación do curso. A análise tratará os seguintes aspectos, eliminando algún deles se non fora pertinente tratalos na proposta:

- Análise sintáctico e temático; incluíndo neste apartado as cadencias principais, así como a súa tonalidade.
- Análise textural
- Análise rítmico e melódico
- Análise harmónico (se procede) dun fragmento das obras propostas
- Análise formal (esquema de forma e pequena explicación da mesma).

A proba terá unha duración mínima de 120 minutos, se o profesorado o estima oportuno pola lonxitude do exame, poderase exceder este tempo consensuado có alumnado implicado: para unha avaliación positiva da proba é preciso ter

como nota mínima un 5 en cada unha das partituras propostas, ou un 5 se fose unha partitura única.

O profesorado poderá pedir traballos relacionados coa materia que suporán un 10% da nota final, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva na proba obxetiva, como mínimo un 5 para a realización de dita ponderación.

9. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra pódese conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de 6o de Análise.
- c) As propostas do departamento elevaráanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O alumnado que chega a estes últimos cursos do grao profesional, na maioría dos casos son compatibilizados con outros estudos de réxime xeral. Cabe esperar que a diversidade do alumnado veña determinada por dous motivos:

- A idade, xa que no grao profesional non hai límite de idade para o seu acceso
- Pola especialidade instrumental que cursa.

Desde a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses na análise de partituras para os instrumentos das especialidades cursadas, na medida en que estas se adapten aos contidos do curso.

As necesidades específicas de apoio educativo, serán requiridas polo alumnado de tardía ou temperá incorporación ao sistema educativo (doutras nacionalidades, precoz...), alumnado con sobredotación intelectual, con algún tipo de discapacidade física (visual, dificultades na mobilidade...).

O apoio a este alumnado realizarase de maneira coordinada polo titor ou titora e coa colaboración do equipo docente das materias que curse, procurando a eliminación de barreiras físicas e socioculturais, o reforzo educativo na medida das súas necesidades, a adaptación dos materiais curriculares e a introducción de actividades de motivación e integración.

11. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

Tendo en conta as características da materia de análise, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como comentarios analíticos nos programas dos recitais do alumnado do conservatorio e outras posibles actividades relacionadas coa materia.

12. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACION

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarase de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

O profesor informará aos alumnos do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

13. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACION INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do

departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de análise, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo, etc.

Comentásen-se regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

14. ANEXO Á PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE 6º DE ANÁLISE:

A relación de partituras que se presentan a continuación, son un refrexo de carácter práctico dos obxectivos e contidos expostos na programación, secuenciados por trimestres e que poden substituírse por obras de dificultade similar.

6º DE ANÁLISE

ÍNDICE DE PARTITURAS (1º TRIMESTRE) Preclasicismo

- 1- Sonata en Fa M (C.P.E.Bach)
- 2- Sonata en re m (C.P.E.Bach)
- 3- Sonata en do m (C.P.E.Bach)
- 4- Sonata en Do M (Scarlatti)

Clasicismo (2º movementos)

- 5- Sonata violín e piano (Mozart)
- 6- Sonata opus 7 en Mi b M (Beethoven)
- 7- Sonata opus 10 no 1 (Beethoven)
- 8- Sonata opus 22 (Beethoven)
- 9- Sonata opus 27 (Beethoven)
- 10- Sonata opus 13 no 8 (Beethoven),

Fugas de Bach ("El clave bien temperado I")

- 11- No 2 en do m
- 12- No 10 en mi m
- 13- No 7 en Mi b M
- 14- No 11 en Fa M
- 15- No 18 en sol # m
- 16- No 1 en Do M
- 17- No 6 en re m

ÍNDICE DE PARTITURAS (2º TRIMESTRE)

- 1- Preludio en La M (Bach)
- 2- Partita I en Si b M – Preludio (Bach)
- 3- Partita I en Si b M – Courante (Bach)

- 4- Sonata violoncello e piano – Sarabanda (Corelli)
- 5- Sonata violoncello e piano – Giga (Corelli)
- 6- Sonata en Do M – 1º movement (Mozart)
- 7- Sonata opus 10 nº1 – 1º movement (Beethoven)
- 8- Sonata opus 10 nº3 – 3º movement (Beethoven)
- 9- Cuarteto nº5 – 3º movement (Mozart)
- 10- Sonata opus 13 nº8 – 3º movement (Beethoven)
- 11- Cuarteto en La M (Mozart)
- 12- Lied “Der doppelgänger” (Schubert)
- 13- Lied “Am leuchtenden sommermorgen” (Schumann)
- 14- Lied “Freisinn” (Schumann)
- 15- Lied “Morgen” (R. Strauss)

ÍNDICE DE PARTITURAS (3º TRIMESTRE)

- 1- Intermezzo en Si b M (Brahms)
- 2- Fantasiestücke – Warum (Schumann)
- 3- “Il penseroso” (Liszt)
- 4- Invención nº II en do m (Bach)
- 5- Invención nº IX en fa m (Bach)
- 6- Invención nº XII en La M (Bach)
- 7- Invención nº IV en re m (Bach)
- 8- Tema con variacións – Sonata nº7 en Re M (Haydn)
- 9- Concerto no 3 violín en La M – 1º movement (Mozart)

PROBA DE ACCESO Ó 6º CURSO DO GRAO PROFESIONAL.

A proba de acceso consistirá na análise de dúas obras, unha de música modal (Canto Gregoriano, Idade Media ou Renacemento), tratando os seguintes aspectos, dos que se poderá eliminar algún deles por parte do profesorado ou tribunal da proba:

- Contexto histórico e tipo de música (relixiosa, profana, instrumental, vocal...)
- Modo no que se atopa a partitura e xustificalo (nota final, repercussio, ámbito..), se se utiliza música vera ou música ficta.
- Análise desde o punto de vista melódico, rítmico, harmónico etc.
- Análise formal (esquema e explicación da mesma)

A análise dunha obra escrita entre 1600 e 1850, tratando os seguintes aspectos, eliminando algún deles se non fora pertinente tratalos na obra ou

fragmento proposto:

- Análise sintáctico (frases, semifrases...), incluíndo neste apartado as cadencias principais, así como a súa tonalidade.
- Análise textural
- Análise rítmico
- Análise harmónico (se procede) dun fragmento da obra proposta
- Análise formal (esquema e explicación da mesma).

A duración da proba será dun mínimo de 2 horas, dependendo da lonxitude e dificultade do exame proposto.

Os criterios de avaliación serán:

- a) Avaliarase cada unha das preguntas propostas de 0 a 10 e éstas serán ponderadas segundo o número de preguntas propostas.
- b) A nota mínima respecto a análise sintáctica e formal da partitura de música tonal, deberá ser de 4, para realizar a ponderación correspondente (se non é así nestes aspectos esta partitura terá unha avaliación negativa).

Para superar a proba será necesario ter un 5 como mínimo en cada unha das partituras propostas (partitura de música modal e partitura de música tonal).